



Pura Ferreño, portavoz municipal, con Pablo Bugfa, concelleiro do BNG

O BNG impulsa a creación dun centro de día público para persoas maiores e dependentes

O BNG de Coirós toma a iniciativa para impulsar a creación dun centro de día público para persoas maiores e dependentes. O obxectivo é dar resposta ao acusado envellecemento da poboación e apoiar ás familias cuidadoras do municipio.

Segundo datos oficiais do Instituto Galego de Estatística, Coirós conta con preto de 2.000 habitantes, dos cales máis dun terzo ten 65 ou máis anos. Deste grupo, máis da metade supera os 75. Esta realidade demográfica evidencia a necesidade urxente de reforzar os servizos públicos de proximidade e garantir unha atención digna ás persoas maiores no propio concello.

A portavoz nacionalista, Pura Ferreño, advirte de que o goberno local do PP non pode seguir mirando para outro lado mentres moitas persoas maiores teñen que desprazarse a outros concellos ou permanecer nos seus fogares sen os apoios necesarios. Neste sentido, lembra que un centro de día non é un luxo, senón un servizo básico para favorecer a autonomía persoal, combater a soidade non desexada e aliviar a carga que soportan moitas familias, especialmente as mulleres cuidadoras.

Ferreño lembra que a competencia para a creación e xestión dun centro de día corresponde á Xunta de Galiza, mais isto non exime ao goberno municipal de impulsar a iniciativa, reclamar os recursos necesarios

e liderar unha demanda xusta.

Os programas actuais son necesarios e ben valorados pola veciñanza, mais falta unha peza clave: un recurso sociosanitario de proximidade que permita conciliar a vida laboral e familiar e previr situacións de dependencia máis graves, sinala a voceira do BNG.

Un servizo básico para favorecer a autonomía persoal, combater a soidade non desexada e aliviar a carga de moitas familias e as mulleres cuidadoras

As nacionalistas propoñen iniciar de inmediato os estudos técnicos necesarios para definir o proxecto do centro de día, analizar a demanda potencial, estudar posíbeis localizacións e estimar os custes tanto de investimento como de funcionamento.

“É fundamental que todas as administracións se impliquen, mais tamén que a veciñanza teña voz”, afirma Pura Ferreño. Por iso, a iniciativa recolle a apertura dun proceso participativo no que se conte coa opinión das asociacións de persoas maiores, entidades sociais e profesionais do ámbito sociosanitario, co fin de definir un modelo de centro adaptado ás necesidades reais de Coirós.

Apostar por un centro de día público é apostar por un Coirós máis xusto, máis humano e con futuro.

O BNG denuncia a falta de iniciativa do goberno local na Aula da Natureza de Chelo

O BNG trasladoulle ao goberno municipal a necesidade de poñer fin á súa inacción na xestión da Aula da Natureza de Chelo, un espazo público de enorme valor ambiental, educativo e cultural que padece a falta de planificación e vontade política.

O problema da Aula da Natureza de Chelo é a falta de iniciativa do goberno municipal, porque diñeiro hai.

A Aula da Natureza de Chelo, situada nunha contorna natural privilexiada e creada no marco do Plan Mandeo 2000, é propiedade da Deputación da Coruña, administración que amosa dispoñibilidade económica e institucional para reforzar a súa actividade. Porén, o goberno municipal de Coirós renuncia ano tras ano a aproveitar estes recursos, mantendo a Aula sen unha programación estábel e atractiva para a veciñanza.

Non estamos ante un problema de cartos nin de competencias, senón ante unha absoluta falta de iniciativa política do goberno municipal. Mentres hai fondos dispoñíbeis, o goberno local limitase a deixar pasar o tempo e a desaproveitar un equipamento que podería ser un motor social e cultural para Coirós.

A Aula da Natureza debe ser un espazo vivo, aberto e participativo, capaz de acoller actividades culturais, formativas e ambientais ao longo de todo o ano.

Resulta incomprensíbel que nun concello pequeno, con poucos equipamentos públicos, se desaproveite un espazo destas características.

O BNG de Coirós demanda medidas para reducir as perdas de auga na rede de abastecemento municipal

O BNG de Coirós reclama melloras na rede pública de abastecemento de auga e un sistema de tarifas máis xusto para casos de fugas fortuitas nas instalacións privadas. A portavoz, Pura Ferreño, defendeu a proposta de realizar campañas de prevención e que as revisións de custes se apliquen só unha vez e coa reparación acreditada.

O BNG alerta ademais de perdas próximas ao 40% na rede pública e urxe un plan integral de auditorías e reparacións coa concesionaria e Augas de Galiza.



A portavoz, Pura Ferreño, na Aula da Natureza de Chelo

A iniciativa presentada polo BNG esixe ao goberno local do PP a elaboración inmediata dun programa anual de actividades, a colaboración co tecido asociativo e educativo, a procura activa de financiamento noutras administracións e unha campaña de difusión que poña en valor Chelo como espazo de referencia.

“Pedimos xestión, planificación e vontade de traballar polo interese xeral”, afirmou a portavoz nacionalista, Pura Ferreño.

O BNG reclama que a Xunta e o Estado financien o 100% do SAF

O BNG rexeita a proposta do goberno do PP na Xunta de Galiza para o financiamento do Servizo de Atención no Fogar (SAF) por considerala totalmente insuficiente ao nin sequera achegarse a cubrir o prezo real do custe do servizo.

A oferta realizada pola Consellaría de Servizos Sociais da Xunta de Galiza suporía pasar dos 12 euros/hora que reciben actualmente os concellos a só 16 este ano, 17 o próximo ano e a 18 euros en 2028, unha proposta moi afastada do custe do servizo, que se sitúa xa hoxe en día nos 24 euros/hora -prezo medio das últimas licitacións-.

Pese a que o financiamento do SAF corresponde a Xunta e Goberno central, a realidade é que, actualmente, os municipios veñen asumindo arredor do 50% dos custes do servizo, o que está afogando aos concellos e prexudicando ás persoas dependentes, que teñen dereito a vivir nas súas casas cos apoios que precisan.

O BNG demanda ao Goberno do Estado melloras urxentes na seguraza viaria da N-VI ao seu paso polo concello de Coirós

O deputado do Bloque Nacionalista Galego no Congreso, Néstor Rego, anuncia o rexistro de iniciativas para demandar ao Goberno do Estado actuacións que melloren a seguraza viaria na estrada N-VI ao seu paso polo concello de Coirós.

“Trátase dunha zona con moito tráfico pola saída da autovía A6, onde non hai lugares seguros para o paso de persoas nin ningunha medida para asegurar que se reduce a velocidade a pesar de ser onde se localizan moitos dos servizos municipais e ter, polo tanto, unha evidente concentración de persoas”, indicou a portavoz do BNG de Coirós, Pura Ferreño.

“Non falamos só dunha cuestión de comodidade, senón de seguridade. É urxente actuar antes de que haxa que lamentar un accidente grave”, advirte Rego, quen lembrou as múltiples iniciativas do BNG para garantir a seguridade viaria na N-VI e concretamente, no caso de Coirós nun dos puntos



A portavoz, Pura Ferreño, e o deputado, Néstor Rego

negros máis perigosos da comarca, como é o cruce de Queirís.

“Non imos permitir que o goberno siga sen cumprir as necesidades de mellora da seguridade nesta estrada e especialmente no concello de Coirós”, concluíu o deputado do BNG.

Os orzamentos da Xunta de Galiza para 2026 volven esquecer as necesidades de Coirós

O PP rexeitou as 575 propostas do BNG, entre as que se incluían melloras para Coirós e a comarca das Mariñas



Pura Ferreño coa deputada do BNG Mercedes Queixas

O BNG votou en contra dos Orzamentos da Xunta para 2026 ao considerar que reflicten un goberno do PP sen proxecto de país, alleo ás necesidades da cidadanía e pechado a calquera cambio. Para o BNG, trátase dunhas contas que dan as costas aos principais retos sociais e económicos de Galiza.

O PP rexeitou as 575 emendas presentadas polo BNG, unha actitude que evidencia, o uso autoritario da maioría absoluta e a falta de vontade para escoitar o malestar social expresado nas mobilizacións cidadás.

As nacionalistas advertiron de que o orzamento

aprobado supón un freo ao futuro do país, aos servizos públicos e os dereitos sociais, fronte á alternativa que defende baseada no reforzo do público, na ampliación de dereitos e no fortalecemento do autogoberno.

Gran parte das emendas do BNG centráronse en frear a privatización, mellorar as condicións do persoal público, poñer fin ás colaboracións público-privadas na sanidade e avanzar en dereitos sociais, como o incremento do complemento das pensións contributivas, así como en aproveitar a quita da débeda negociada polo BNG para beneficiar á maioría social.

No que afecta directamente a Coirós, o BNG trasladou necesidades como cubrir o patio de entrada ao centro de saúde de Coirós ou a creación dun parque arqueolóxico no Monte do Gato. A creación dun Centro de Orientación Familiar e un Centro de Información á Muller; a apertura dun centro de día público comarcal no antigo ambulatorio de Betanzos, ou a dotación de persoal de pediatría e medicina de familia así como no Centro de Especialidades de Betanzos e a dotación de persoal nos centros de ensino públicos foron algunhas das propostas para a nosa comarca.



Ana Pontón, portavoz nacional do BNG, xunto a Néstor Rego e Carme da Silva

Ana Pontón: “Os galegos e galegas saben que o BNG é quen defende os intereses de Galiza, aquí e en Madrid. Co BNG, Galiza gaña”

Comezou o ano con moitos temas relevantes. No plano internacional, cun Trump que actúa a cara descuberta.

Estamos a ver uns Estados Unidos que actúan como auténticos matóns no mundo, para roubar os recursos e riquezas doutros países: atacan en Venezuela polo seu petróleo, ameazan Groenlandia polo seu territorio e terras raras. É o imperialismo de sempre, pero agora sen disfraces. Fronte a isto, toca defender con máis forza ca nunca a paz, a legalidade internacional, a democracia e a soberanía dos pobos.

E no Estado español, o modelo de financiamento autonómico e o acordo entre a UE e Mercosur.

Si, e nos dous casos a posición do BNG é clara: defender os intereses de Galiza.

No caso do financiamento, o Goberno español propón un novo modelo que aínda discrimina máis o noso país. Rexeitámolo claramente. Galiza o que precisa é ter o control dos seus cartos e xestionar directamente os seus impostos, cun concerto económico como o vasco.

E no caso do acordo UE-Mercosur, apoiamos as mobilizacións do noso país porque é un acordo moi prexudicial para o agro galego. Pola contra, PP e PSOE avalárono, aínda sabendo que vai ter consecuencias moi graves para as explotacións agrarias e gandeiras e para o futuro do noso rural.

Tamén o BNG se está a mobilizar, de novo, pola sanidade pública.

Por suposto, porque a sanidade é un dereito de todas as persoas, non un negocio privado. O PP, desde a Xunta, está a facer que a nosa sanidade entre en colapso: cos centros de atención desbordados, os PAC sen medios suficientes e as urgencias hospitalarias tamén colapsadas. É a consecuencia dunhas políticas que favorecen claramente a sanidade privada e que fai que cada día máis galegos e galegas se vexan obrigados a pagar para recibir a atención médica que precisan. Non o podemos consentir, hai que defender con firmeza o dereito a unha sanidade pública galega de máxima calidade.

O BNG puxo en marcha a campaña “Co BNG, Galiza gaña”. Pode explicarnos en que consiste?

A sociedade galega sabe que é o BNG quen defende os intereses de Galiza, aquí e en Madrid. O noso traballo no Congreso e no Senado demóstrao con feitos: os descontos da AP-9 e da AP-53, a quita de 4.000 millóns de euros da débeda galega ou o compromiso dunha rede de proximidade ferroviaria son conquistas logradas grazas a ter voz propia e peso político en Madrid.

Cada vez máis galegos e galegas entenden que é fundamental contar con forza política propia para acabar coa discriminación e defender o que lle corresponde ao noso país.

Contacta co BNG de Coirós!



Rúa Cañota 33 entrechán, Betanzos



649372511



coiros@bng.gal



asmarinhas.bng.gal



@bng.coiros



@bng_coiros



@bngCoiros